



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 2 de novembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN XERAL DE LIQUIDACIÓNS E XESTIÓN DE IBI URBANA COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE. 8260/113.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación en data 27/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 03/11/2017 13:41

Páxina 1 de 2

Expediente 8260/113

Código de verificación: 2BEB4-2CCA3-DBCD4-43525

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.164,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

